

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 3 de maio de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día tres de maio do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *María Pilar Ramallo Vázquez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez* e *María Isabel Conselo Torres* e o deputado e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33729.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 26 de abril de 2024.

2.33730.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “LE CER EN FAMILIA” 2024. (Expte 2024023458)

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar á familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.



Constituída a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este novo programa que recolle o espírito e os obxectivos de dita Lei, e promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoien e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Neste senso a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca a primeira edición dun programa para familias empadroadas na provincia de Pontevedra, entendendo a familia como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais, e crear tempo de lecer de calidade, no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

Así mesmo, pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

2º.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

3º.- A finalidade do programa é reforzar lazos familiares nun ambiente de convivencia que permite desconectar do estrés diario e gozar dun ocio de calidade en familia, reactivando emocións positivas para toda a familia, xa que serve como actividades para mellorar a comunicación familiar; fomentando a diversión compartida e a construción de recordos; e desenvolvendo a autoestima e autoconfianza, ao tempo que fomenta o desenvolvemento da autonomía.

O ámbito temporal do programa será nos meses de temporada baixa, a partir do 15 de setembro e ata o 15 de decembro de 2024.



Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia de fins de semana, nun establecemento hoteleiro (balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares) da provincia de Pontevedra, con aloxamento dunha noite (venres ou sábado) en réxime de media pensión.

A estadía incluirá a utilización do spa, balneario, talaso un mínimo de dúas horas ao día e actividades con animación sociocultural infantil.

A entrada nos establecementos será o venres pola tarde con saída o sábado ao mediodía, ou entrada o sábado pola tarde e a saída o domingo ao mediodía.

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executalo, coordinalo e avalialo, e que contará con persoal cualificado.

4º.- Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

Para os efectos destas bases, enténdese por unidade familiar a formada pola/s persoa/s adulta/s e, as fillas e os fillos e persoas maiores que convivan de xeito permanente ou temporal, coa persoa solicitante.

Así mesmo, terán a consideración de fillos e fillas as persoas en situación de garda con fins adoptivos e en acollemento familiar.

As persoas participantes deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante, e deberán estar empadroadas no mesmo domicilio. Exceptuase o requisito de empadroamento no mesmo domicilio, no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal.

As persoas interesadas deberán reunir ademais os seguintes requisitos:

- 1) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- 2) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- 3) Ser unha persoa autónoma para realizar as actividades elementais da vida diaria.
- 4) No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados que precise.



5º.- A concesión destas prazas realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

A adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá autorizarse por resolución do Presidente, que lle dará conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

6º.- Ofértanse 2.350 prazas nos seguintes termos:

- 2.300 prazas de réxime xeral; a Deputación subvencionará: 75 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 16 anos, 50 euros para as persoas de 4 a 16 anos, e o 100% no caso dos menores de 4 anos.
- 50 prazas de réxime especial; a Deputación subvencionará 130€ do custo da praza

Poderán ser beneficiarias das prazas de réxime especial, as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia ou perceptores do Salario Mínimo Vital.

Se non se cobren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

A contía prevista para esta convocatoria é de cento setenta e nove mil euros con (179.000,00 €) con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

5º.- Con data 18/04/2024 Secretaría Xeral emite informe xurídico de conformidade coa proposta de bases (CSV 50YH7OYTUMCJC39D) e con data 26/04/2024 o Servizo de Intervención informe favorablemente o expediente (CSV 4XBQ4Q4F5KOHU0FX)

De cordo có exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras do Programa “*Lecer en familia*” para o ano 2024

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): 3F2JMKB81H9ZF3QJ.

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>.



3.33731.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ÁS FEDERACIÓNS AUTONÓMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024”. (Expte. 2024024468)

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de decembro de 2023 acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2024.

Segundo.- En data 10/04/2024 a Vicepresidenta Segunda da inicio o expediente para a tramitación das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024.

Terceiro.- En data 16/04/2024 emítase informe xustificativo da subvención a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024.

Cuarto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 26/04/2024 as bases de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.



Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artículo 40.1 indica cas entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ós clubs e Federacións autonómicas e españolas que organicen competicións e eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024.

As axudas estarán destinadas subvencionar os gastos para a organización de competicións ou eventos deportivos que organicen clubs e Federacións autonómicas e españolas na provincia de Pontevedra no ano 2024.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.



Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- O importe destinado as subvencións será de 500.000,00 €, que se financiarán con cargo á aplicación 24/340.3410.489.04 do Orzamento provincial para o ano 2024.

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e que figuran con seguinte CSV: AE0QTPRF12RUFXX.

4.33732.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONES ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓN DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO 2024”. (Expte. 2024002959)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, entre as que están a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o establecido no artigo 36.d, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera necesario dar apoio, ás confrarías de pescadores e pescadoras, Federación Provincial de confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia, que contribúan ó desenvolvemento de accións que impliquen a promoción e o fomento dun sector de vital importancia na provincia.



As confrarías de pescadoras e pescadores e agrupacións de mariscadoras son organizacións que agrupan os pescadores de pequena escala e a mariscadores de Galicia. O seu papel dentro do sector pesqueiro outórgalles competencias na xestión e explotación de recursos mariños, actividades que realizan de modo colectivo. Esta posición permite que as confrarías teñan influencia en diferentes aspectos do desenvolvemento sostible, principalmente no ámbito local.

Este tipo de organizacións, cunha longa tradición en Galicia e especialmente na provincia de Pontevedra, son recoñecidas como entidades de economía social, segundo o previsto no artigo 6 da Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.

Así, as mencionadas confrarías e agrupacións xogan un papel importante na xestión e na explotación dos recursos mariños e, por tanto, teñen influencia nalgúns aspectos identificados na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, coma a protección dos recursos e a equidade na repartición de ingresos e no acceso a bens comúns.

A través desta liña de actuacións, subvencionaranse investimentos (material de vixilancia, elementos de transporte, equipos informáticos, mobiliario, caixas para a comercialización, obras e formación), e con carácter extraordinario, gastos correntes, destinados a garantir a sustentabilidade das actividades pesqueira e marisqueira da provincia, afectadas polos sucesivos temporais deste inverno que provocaron unha severa mortalidade de moluscos bivalvos debido á baixa salinidade das augas nas rías, así como o amarre da flota de baixura durante largos períodos de tempo, levando ó sector a unha situación extrema.

Porén, os obxectivos principais da convocatoria céntranse en propiciar a recuperación e o impulso do sector da pesca e marisqueo para a posta en valor dos seus recursos e potenciar o seu desenvolvemento.

Con estes antecedentes, e constituída a nova Corporación provincial, a Deputación convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de axudas ás confrarías de pescadoras e pescadores, á Federación de Confrarías e ás agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra para financiar investimentos e gastos correntes que melloren as actividades pesqueira e marisqueira durante este ano 2024.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICO-XURÍDICAS

a) Respecto ao procedemento:

No caso presente, a instrución do procedemento fundamentase na lexislación específica que lle é de aplicación, que está constituída polas seguintes normas xurídicas:

1. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, LXS.
2. R.d. 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, LRBRL.
4. R.d. lex. 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, TRLRFL.



5. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia.
7. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, LPACAP.
8. Decreto 8/2014, de 16 de xaneiro polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, modificado polo Decreto 64/2018, de 7 de xuño.
9. Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial.
10. Bases de execución do orzamento.

Con arranxo á devandita regulación (Base reguladora décimo terceira) corresponde a instrución do procedemento á xefa do Servizo de Medio Ambiente.

b) En canto ao fondo do asunto:

O obxecto desta proposta ten por finalidade xustificar a conveniencia de promover estas axudas en réxime de concorrencia competitiva, para a recuperación e impulso, do sector pesqueiro e marisqueiro como elementos participantes da economía social, o cal, está xustificado polas razóns seguintes:

- 1.- Segundo artigo 6 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, entre as entidades que forman parte da economía social están as confrarías de pescadores e pescadoras.
- 2.- O Informe 2008/2250 (INI), do 26 de xaneiro de 2009, do Parlamento Europeo, considera a economía social como axente clave para o logro dos obxectivos de Lisboa, no que se establecen os medios necesarios para acadalos, dá unha visibilidade institucional clara á realidade da economía social e insta a decidir que políticas poden ser determinantes para axudar este sector, tales como establecer clarificacións conceptuais e estatísticas ou fomentar programas europeos que a favorezan.
- 3.- Pola súa banda, a Lei estatal 5/2011, do 29 de marzo, de economía social, definiu o concepto e concretou os seus principios orientadores, configurando un marco xurídico de aplicación no conxunto do Estado que, sen substituír a normativa aplicable a cada unha das entidades que conforman o seu ámbito, pretende un maior recoñecemento e visibilidade da economía social ao lle outorgar maior grao de seguridade xurídica.
- 4.- Por outra parte, a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as devanditas entidades para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.



5.- É de salientar como, respecto expresamente das entidades locais, no seu artigo 14.4 sinala: “A Administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións.” O que constitúe un primeiro e cualificado título de intervención nesta materia.

6.- É de sinalar, ademais, que as empresas de economía social e, singularmente, as confrarías de pescadores e pescadoras teñen demostrado a súa capacidade de resistencia ás crises, de creación de emprego estable e de calidade, de vinculación co territorio e de mellora do benestar social, polo que resulta procedente activar suficientemente as súas potencialidades de emprendemento e autoemprego.

3. CONCLUSIONS

En consecuencia, por canto antecede, e considerando que cumpren co disposto na lexislación relacionada no artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, e demais lexislación aplicable.

Considerando a demanda existente e o número de solicitudes presentadas en convocatorias anteriores, que esta actuación é sustentable economicamente, provindo os fondos unicamente do orzamento da Deputación de Pontevedra, sen que exista cofinanciación por parte doutras entidades e contando xa con partida orzamentaria asignada, e que non supón duplicidade respecto de iniciativas doutras Administración, senón solo confluencia en todo caso cunha liña.

Resultando, que con data do 9 abril de 2024 a xefa do Servizo de Medio Ambiente emite informe favorable sobre as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás confrarías de pescadores e pescadoras, Federación Provincial de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia, que con data do 11 de abril de 2024, a Secretaría emite informe favorable sobre as citadas bases reguladoras, e que con data do 24 de abril de 2024 a Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, por importe de 250.000,00 €, con cargo con cargo as aplicacións orzamentarias 24/410.4150.789.02 e 24/410.4150.489.01 do orzamento provincial do ano 2024.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Medio Ambiente, do informe da Secretaria e do informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, por concorrencia competitiva, a confrarías de pescadoras/es, Federación de Confrarías e agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra, para o ano 2024, a cuxo texto se pode acceder a través do código CSV: 9FM6C6SOYXKD7DFM.



5.33733.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AGOLADA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON FIRME DE ASFALTO – PISTAS EN ALDEA DO MONTE – BIDUEIROS – QUINTELA”. (Expte.2024021630)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021285, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Agolada* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 413.119,72 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de camiños de titularidade municipal con firme de asfalto – pistas en Aldea do Monte – Bidueiros – Quintela*”, cuxo orzamento ascende 413.119,72 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	413.119,72	413.119,72	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (Xunta de Galicia) e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade.

As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 24/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 24/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Agolada*, CIF: P3602000F, unha subvención por importe de 413.119,72 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora De camiños de titularidade municipal con firme de asfalto – pistas en Aldea do Monte – Bidueiros – Quintela*” (Expte.2024021630), cuxo orzamento ascende 413.119,72 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024- €	Achegas doutras administracións públicas - €	Fondos propios do Concello -€
2024	413.119,72	413.119,72	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (Xunta de Galicia) e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Agolada*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.33734.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO, CONCELLO DE BARRO”. (Expte.2024020185)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 25/03/2024, mediante rexistro WEB2024019352, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Barro* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 110.242,00€, co obxecto do financiamento do investimento “*Obras de pavimentación en Portela e Agudelo, Concello de Barro*”, cuxo orzamento ascende a 110.242,00 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	110.242,00	110.242,00	0,00	0,00

O importe da subvención solicitada de 110.242,00 € financia 107.313,80 € de execución de obra e 2.928,20€ de honorarios de redacción de proxecto.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e a autorización do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.

As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 18/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 18/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Barro*, CIF: P3600200D, unha subvención por importe de 110.242,00 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Obras de pavimentación en Portela e Agudelo, Concello de Barro*” (Expte. 2024020185), cuxo orzamento ascende 110.242,00 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024- €	Achegas doutras administracións públicas - €	Fondos proprios do Concello -€
2024	110.242,00	110.242,00	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e a autorización do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Barro*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.33735.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA PRAZA MANUEL ALONSO (ALAMEDA) (ACHEGA PON2030)”. (Expte.2024023330)

En data 05/12/2023, asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Gondomar co obxecto do financiamento do investimento “*Acondicionamento da praza Manuel Alonso (Alameda) (Acheга PON2030)*” (Expte. 2023030740). En base a un orzamento que ascendía a 1.198.353,69 euros, a Deputación de Pontevedra concedeu, ao abeiro do Plan PON2030, unha subvención por importe de 925.994,61 euros e o Concello asumía o co-financiamento de 272.359,08 €.

Pola súa banda, o Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022093, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Gondomar na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 272.359,08 euros, para financiar a súa achega municipal ao investimento “*Acondicionamento da praza Manuel Alonso (Alameda)*” (Expte. 2024023330).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a devandita base 1ª permite aos Concellos destinar a cantidade asignada ao abeiro deste plan a financiar as achegas municipais para investimentos doutros plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras administracións públicas cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e os prazos de execución que se recollen no plan ou convenio se axusten contemplados nas bases reguladoras para os investimentos incluídos na Liña 1.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 22/04/2024, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, unha subvención por importe de 272.359,08€ co obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento “*Acondicionamento da Praza Manuel Alonso (Alameda)*” (Expte. 2024023330), cuxo orzamento ascende a 1.198.353,69€. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda concedida, por importe de 925.994,61 €, a través do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (en adiante PON2030).



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Posteriormente, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente ao PON2030, realizándose para isto as oportunas operacións en formalización.
- Conforme a base 23ª das reguladoras, a licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PON2030, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 2.7960 de 06/03/2023 e publicadas no BOPPO núm. 46 de 07/03/2023 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Gondomar*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.33736.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN E CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS EN GÁNDARA. PEITIEIROS”.
(Expte.2024023401)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022204, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Gondomar na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 91.657,51 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Pavimentación e canalización de pluviais en Gándara. Peitieiros*” (Expte. 2024023401), cuxo orzamento ascende a 114.004,74 €, debendo achegar a entidade municipal 22.347,23 €.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 24/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, unha subvención por importe de 91.957,51€ co obxecto do financiamento do investimento “*Pavimentación e canalización de pluviais en Gándara. Peititeiros*” (Expte. 2024023401), cuxo orzamento ascende a 114.004,74 €. O importe que resta ata completar o orzamento, é dicir, 22.347,23 € serán financiados pola entidade municipal.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, a autorización sectorial da entidade pública Augas Galicia.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Gondomar*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.33737.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “FESTAS DO CONCELLO DE MARÍN 2024”. (Expte.2024023332)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 11/03/2024, con rexistros núm. WEB2024016426 e WEB2024016429, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, peticións do *Concello de Marín* nas que solicita subvencións por importe de 70.000,00 € e 22.322,48 €, con destino ao financiamento das actividades “*Festa corsaria 2024 e Sanmain Briz 2024*”, respectivamente.

En data 05/04/2024, efectuase requirimento formal posto que as solicitudes mencionadas no parágrafo anterior no cumpren co establecido nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, posto que as actuacións encadradas dentro de gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello deben solicitarse nunha única proposta.

En data 08/04/2024, con rexistro núm. WEB2024023409, contesta ao requirimento solicitando unha subvención de 92.322,48 € sobre un orzamento de 102.850,00 €, quedando os importes de cada actuación conforme a seguinte táboa:

	Orzamento	Subvención solicitada
Festa Corsaria 2024	75.020,00 €	67.341,10 €
Sanmain Briz 2024	27.830,00 €	24.981,38 €
TOTAL	102.850,00 €	92.322,48 €



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 23/04/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 25/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Marín*, CIF:P3602600C, a cantidade de 92.322,48 €, con destino ao financiamento de “*Festas do Concello de Marín 2024*” (Expte.2024023332), cun orzamento por importe de 102.850,00 €.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



10.33738.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REURBANIZACIÓN DE CAMIÑO DE A TOXA”. (Expte.2024020909)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019777, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de PONTECESURES na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 148.602,32 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Reurbanización de camiño de A Toxa*”, cuxo orzamento ascende 148.602,32 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
148.602,32 €	148.602,32 €	0,00 €	0,00 €

O orzamento contempla honorarios por redacción de proxecto e control arqueolóxico por importe total de 11.561,10 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 15/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 16/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 24/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontecesures* (CIF:P3604400F), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 148.602,32 € co obxecto do financiamento do investimento “*Reurbanización de camiño de A Toxa*” (Expte. 2024020909), cuxo orzamento ascende 148.602,32 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
148.602,32€	148.602,32€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla os honorarios de redacción proxecto e control arqueolóxico por importe total de 11.561,10 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue as autorizacións sectoriais de Augas de Galicia e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontecesures*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.33739.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DA PRAZA DA ALDEA, ARCADE DE RIBA ARCADE”. (Expte. 2024020053)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 25/03/2024, mediante rexistro WEB2024019326, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Soutomaior* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 170.148,40 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da accesibilidade e humanización da Praza da Aldea, Arcade de Riba_Arcade*”, cuxo orzamento ascende 170.148,40 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
170.148,40 €	170.148,40 €	0,00 €	0,00 €



O orzamento contempla honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, por importe total de 10.950,50 €.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de Augas de Galicia.

A devandita autorización, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 10/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 16/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Soutomaior* (CIF:P3605300G), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 170.148,40 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da accesibilidade e humanización da Praza da Aldea, Arcade de Riba_Arcade*” (Expte.2024020053), cuxo orzamento ascende 170.148,40 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
170.148,40€	170.148,40€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 10.950,50 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia, xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III). Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Soutomaior*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



12.33740.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E MELLORA DA VENTILACIÓN DA PISTA POLI DEPORTIVA DE RANDUFE, TUI” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS. (Expte. 2024019312)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do *Concello de Tui* o importe que lle corresponde é de 106.018,60 €.

En data 21/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024018625) dunha petición do *Concello de Tui*, emendada nas datas 22/04/2024 e 23/04/2024 (núm. rexistro 2024006816 e WEB2024026771), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 105.881,23 € ao abeiro do PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Substitución de cuberta e mellora da ventilación da pista polideportiva de Randufe, Tui*”, cun orzamento polo mesmo importe.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 25/03/2024 (CSV: IQOTG1BWA3GJ2VM7).

Así mesmo, o 23/04/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: WUFO00MI3QT4GXKS) e o 24/04/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: 1516O2R3ZPOWDN8A).



FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Tui relativa ao financiamento da totalidade do investimento denominado “*Substitución de cuberta e mellora da ventilación da pista polideportiva de Randufe, Tui*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 105.881,23 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.



Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui*, CIF P3605500B, a cantidade de 105.881,23 € con destino ao financiamento do investimento “*Substitución de cuberta e mellora da ventilación da pista polideportiva de Randufe, Tui*” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.

A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais da *Axencia Estatal de Seguridad Aérea (AES A)*, da *Sociedad Electricista de Tui Distribuidora, SL (SETA)* e da *Dirección Xeral de Montes*, que deberán ser presentadas no momento da primeira xustificación.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

13.33741.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS MODIFICADO Nº1 E MODIFICADO Nº2 DO PROXECTO TÉCNICO “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS” PRESENTADOS POLO CONCELLO DE VIGO, NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO “PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAÍDOS”. (Expte. 2021019232)

I. ANTECEDENTES

- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 2.30239 de 30/04/2021 aprobouse o “*Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuidade das actuacións do proxecto de remodelación do Estadio Municipal de fútbol de Balaídos*”.
- O importe total do convenio inicialmente é de 17.096.754,39€, tendo un orzamento de adxudicación por importe de 15.467.430,00€, e distribúese entre ambas administracións de acordo cos seguintes importes:

Deputación de Pontevedra	8.548.377,19€
Concello de Vigo	8.548.377,20€
Total	17.096.754,39€



- O 31/05/2021 asínase o citado Convenio co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.
- Nas datas 16/05/2023, 22/02/2024 e 21/03/2024 ten entrada no Rexistro da Deputación Provincial, con núm. de rexistro 2023011654, 2024003184 e 2024004906 respectivamente, a documentación xustificativa da totalidade da actuación, entre a que achegan dous proxectos modificados de data 13/12/2021 e 15/07/2022, e os correspondentes acordos de aprobación da Xunta de Goberno Local de data 10/03/2022 e 23/09/2022, respectivamente.
- O modificado nº 1 e o modificado nº 2 xorden pola necesidade de executar obras non recollidas no proxecto, así como melloras ás mesmas, que resultan necesarias debido á aparición de *condicións e elementos do subsolo distintas ás recollidas no proxecto; necesidades de adaptación dos espazos e instalacións auxiliares da grada; de adaptación da unión da nova grada de Marcador as gradas existentes de Río, Tribuna e preferencia, no referente a instalacións, deseño ou esquema funcional.*
- O orzamento de adxudicación do proxecto modificado nº 1 é de 15.462.148,64€, o que supón unha variación orzamentaria do -0,034 % sobre o orzamento de adxudicación inicial, que é de 15.467.430,00€.
- O orzamento de adxudicación do proxecto modificado nº 2 é de 18.537.050,73€, o que supón unha variación orzamentaria do 19,846 % sobre o citado orzamento de adxudicación inicial.
- En data 23/06/2023 aprobouse mediante acordo núm. 4.32772 da Xunta de Goberno Local a addenda nº 1 ao devandito convenio, asinada o 28/06/2023, co fin de adecuar as achegas económicas inicialmente comprometidas á execución real dos contratos vinculados á execución da obra, tal como se reflicte na seguinte táboa, asumindo o concello de Vigo a súa totalidade.

Contratos vinculados o Convenio	Proposta Convenio	Importes finais de execución
493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO “DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”	16.650.000,00 €	20.662.080,73 €
604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAIÓDOS	144.205,99 €	107.979,42 €
738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS".	302.548,40 €	241.312,60 €
Importe total desta actuación	17.096.754,39 €	21.011.372,75 €
Achega Deputación Provincial de Pontevedra	8.548.377,19 €	8.548.377,19 €
Achega Concello de Vigo	8.548.377,20 €	12.462.995,56 €



- En data 26/04/2024 o facultativo técnico do servizo de Cooperación emite informe de supervisión favorable (CSV:1RUCK59T2PQP80YJ) do proxecto modificado nº 1 e do proxecto modificado nº 2 e, na mesma data, a xefa do servizo de Cooperación emite informe favorable (CSV:Y7YBM4T4MYCKOC30).
- Así mesmo, o día 30/04/2024 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable (CSV:Y6WWMSQT31VQ64U1).

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.
- Convenio de colaboración entre o *Concello de Vigo* e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuidade das actuacións do proxecto de remodelacións do *Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos*.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª das de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



Resolución do expediente:

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Pacto 5º do Convenio, relativo ás modificacións dos proxectos.

Competencia para resolver:

- De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2.c) de execución do orzamento provincial, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

III. CONCLUSIÓNS

As dúas modificacións do proxecto técnico “*nova grada de Marcador do Estadio Municipal de Balaídos*”, ao abeiro do Convenio de colaboración entre o *Concello de Vigo* e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuidade das actuacións do proxecto de remodelación do *Estadio Municipal de fútbol de Balaídos*, non altera a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de engadir as obras necesarias non recollidas no proxecto inicial e que resulta preciso executar, así como as melloras complementarias ás mesmas.

O orzamento de adxudicación do proxecto modificado nº 1 é de 15.462.148,64€, o que supón unha variación orzamentaria do -0,034% sobre o orzamento de adxudicación inicial, que é de 15.467.430,00€.



O orzamento de adxudicación do proxecto modificado nº 2 é de 18.537.050,73€, o que supón unha variación orzamentaria do 19,846 % sobre o citado orzamento de adxudicación inicial.

Ditas variacións financiaranse polo *Concello de Vigo*, tal como se recolle na addenda nº 1 ao devandito convenio asinada en data 28/06/2023, onde se fai constar unha adecuación das obrigas de financiación do proxecto debido ós incrementos que derivan da execución final do mesmo.

O proxecto modificado nº 1 e o proxecto modificado nº 2 preséntanse antes de que remate o prazo de execución das obras recollidas no convenio de colaboración e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, e os informes favorables do facultativo técnico de Cooperación (CSV:1RUCK59T2PQP80YJ), da xefa do Servizo de Cooperación (CSV:Y7YBM4T4MYCKOC30) e da Intervención (CSV:Y6WWMSQT31VQ64U1), Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar os proxectos modificado nº1 e o modificado nº2 do proxecto técnico “*Nova grada de Marcador do Estadio Municipal de Balaídos*” presentados polo *Concello de Vigo*, no marco do Convenio de colaboración entre o *Concello de Vigo* e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuidade das actuacións do proxecto de remodelacións do *Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos*.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

14.33742.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA “+ BENESTAR 2024”. (Expte.2024017786)

De conformidade co artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito, no mesmo sentido o artigo 109 d) da Lei5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.



Cabe sinalar que o programa + Benestar ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, e desenvólvese desde fai máis de 15 anos, a través do cal se reciben unha media de preto de 4.000 solicitudes cada ano, o que constitúe unha proba do interese público deste tipo de actividades. Polo que aínda que con carácter xeral a actividade non pode considerarse como competencia provincial propia, o seu arraigo permite a súa continuidade unha nova edición máis.

O programa conta con grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores, e a finalidade principal é facilitarlles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou spa).

Trátase, polo tanto, dun programa cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e como tratamento sanitario, que ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.

Dadas características dos traballos para levar a cabo a xefa do servizo de Benestar social, informa que a execución do programa require de dotación de persoal especializado (animación sociocultural) contratación de autobuses, planificación das saídas, visitas e esta institución carece de medios humanos para acometela, non dispoñendo de perfís profesionais adecuados, polo que ten que acudir a unha empresa externa especializada no sector para a xestión e desenvolvemento do mesmo.

Por todo o exposto, a xefa do servizo de Benestar Social coa conformidade da deputada delegada informa da necesidade de contratación do Servizo de xestión desenvolvemento e execución do programa + BENESTAR 2024, que se caracteriza por ofrecer unha estadía de seis días e cinco noites, nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa con actividades de animación sociocultural, para un máximo de 2.127 prazas, destinado as persoas que cumpran os requisitos especificados na cláusula 1.1 do prego técnico.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación. Visto que con data 27/03/2024, a Intervención emite o documentos RC N° 202400074540 por importe de 221.700,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2024/231.2311.227.07.

Asemade, na Memoria xustificativa do contrato, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é administrativo de servizos, encuadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determinase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa + BENESTAR, que foron aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno do día 12 de abril de 2024. O procedemento de adxudicación elixido é o aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).



Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 5/04/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 15/04/2024 e as observacións contidas no mesmo. (csv JOFDETX6HCD7NMV5).

Visto que con data 15/04/2024 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 23/04/2024, csv Y7D5GEI0AZI9Q16X.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “+ Benestar 2024”, cun orzamento máximo de licitación unitario de 414,65€/persoa.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 881.960,65€, para un total de 2.127 prazas.

O orzamento base de licitación que financia a Deputación Provincial ascende á cantidade de 221.700,00€.



O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias de acordo coa seguinte distribución:

- A Deputación subvencionará 2.097 prazas de réxime xeral con 100 € o que resulta un total de 209.700,00€.
- E 30 prazas, de réxime especial, as subvencionará con 400,00 €, o que resulta un total de 12.000,00€.
- As persoas usuarias pagarán a cantidade de descontar do importe de adxudicación o importe que subvenciona a Deputación de Pontevedra.

Prazo de duración: desde o 1 de agosto de 2024 (ou a data de formalización do contrato) ata o 31 de decembro de 2024.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e adxudicadas as prazas, a previsión estimada de inicio do programa será do mes de setembro de 2024, e nos meses de temporada baixa.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv F2G4HN72NDX6ALFH) e de prescricións técnicas (csv: CDOUMAKFUHL6A2QD) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 221.700,00€, con cargo a aplicación orzamentaria 2024/231.2311.227.07.

4.- Nomear responsable do contrato a Xefa do servizo de Benestar Social ou persoa en que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

15.33743.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN Nº 1 DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA CONTRATAR UNIDADES ADICIONAIS DO LOTE 5. FROITAS E VERDURAS". (Expte.2022058142)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 19 de maio de 2023, acordou adxudicar o contrato "Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe", adxudicando o Lote 5. Froitas e verduras a Frutas Nieves S.L. (CIF: B36628196), polos seguintes prezos:

Importe total dos prezos unitarios para un ano de contrato (sen IVE)	39.752,88€
IVE (4% ou 10% en virtude do produto)	1.616,04€
Valor global dos prezos unitarios para un ano de contrato (IVE incluído)	41.368,92€
<u>Importe mensual subministracións adxudicadas Lote 5. Froitas e verduras</u>	
Prezo mensual (sen IVE)	3.312,74€
IVE(4% ou 10% en virtude do produto)	134,67€
Prezo mensual (IVE incluído)	3.447,41€



Resultando.- Que o contrato formalizouse en documento administrativo de data 20 de xuño de 2023, establecendo un prazo de duración dun ano, contados dende o día 01 de xullo de 2023, coa posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha.

Resultando.- Que ata a data, o contrato “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*” non foi obxecto de modificacións.

Resultando.- Que con data 21 de marzo de 2024, a xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe xunto coa Deputada de Igualdade e Benestar Social, emite informe (CSV: KUPFLO1C1T1LK9NZ), onde se propón a modificación do lote 5 do contrato, para contar con unidades adicionais de froitas e verduras, debido á insuficiencia das cantidades establecidas como estimadas no contrato, como consecuencia da aplicación de novas directrices no ámbito da alimentación.

Resultando.- Que no citado informe recóllese que o Centro Príncipe Felipe, en materia de protección de menores, defínese como un dispositivo con programas de atención residencial e de centro de día, integrando outros dispositivos, entre os que se atopa unha escola infantil, un colexio de educación especial e unha cafetería.

Na actualidade, nos mesmos, elabóranse menús e ofrécense almorzos baseando as dietas en alimentos de orixe vexetal, de acordo coas recomendacións elaboradas por organismos como son a “*Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición*” ou a “*Organización Mundial de la Salud*”.

Resultando.- Que segundo se recolle no informe, cuestións técnicas na elaboración dos menús imposibilitan o cambio do contratista, tendo o modificado a súa orixe en circunstancias sobrevidas non previstas, as cales non alteran a natureza do contrato.

Resultando.- Que consta no expediente, con número de rexistro WEB2024024403, a conformidade expresa do contratista respecto da modificación do contrato proposta (CSV: R5MYQAVGWDIT4KSM).

Resultando.-Que no expediente consta o documento RC nº 202400073989, con data 27/03/2024, por importe de 1.348,78€ con cargo á aplicación orzamentaria 232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial, garantindo a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas económicas derivadas da modificación proposta.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación, con data 17/04/2024 (CSV: I7CZVWKPRCIPFSWV), o cal foi conformado pola Secretaría Xeral en data 24/04/2024, no que resolve que:

“O incremento dos consumos mensuais estimados inicialmente, derivados da necesidade de contar con unidades adicionais dos produtos obxecto do lote 5 do citado contrato, fai preciso proceder á tramitación dunha modificación do contrato, mantendo os prezos unitarios de adxudicación.”



Dita modificación, non prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, semella obedecer á implantación dunha nova política de mellora dos menús que se ofrecen aos usuarios do Centro Príncipe Felipe, co obxecto de que leven unha dieta máis sana e equilibrada.

Polo exposto, tendo en conta o informe da responsable do contrato, considerase que pode realizarse sempre e cando se observen as condicións establecidas no artigo 205 LCSP, limitándose a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a motiva”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización, con data 25/04/2024 e CSV: VM0LCFIWNUXJ7ZAT, que recolle o seguinte: *“Ao tratarse dun gasto de execución e de carácter corrente, que esgota os seus efectos co cumprimento, non compromete á sustentabilidade económico financeira desta entidade a longo prazo”.* Conclusión. *Polo exposto, ... infórmase favorablemente o expediente.”*

Considerando.- Que en virtude do artigo 16.3 a) LCSP teñen a consideración de contrato de subministración aqueles de tracto sucesivo e prezo unitario, onde as entregas están subordinadas as necesidades do adquirente.

Considerando.- Que no artigo 301.2 LCSP recóllese a posibilidade de incrementar o número de unidades a subministrar por parte do contratista ata a porcentaxe dun dez por cento do prezo do contrato, naqueles cualificados como de subministración por prezo unitario, sen necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación, debendo de contemplarse n0 prego de cláusulas administrativas particulares e acreditándose no expediente a financiación correspondente. No prego de cláusulas administrativas regulador desta contratación (CSV: G0RWA9VUDN1IIBTJ) non se contempla a citada circunstancia.

Neste sentido, a disposición adicional trixésimo terceira dispón que a posibilidade de modificar na porcentaxe indicada debe de ser contemplada, non podendo esgotar o orzamento máximo inicialmente previsto.

Considerando.- Que o órgano de Contratación ostenta, de acordo co previsto no artigo 190 LCSP, a prerrogativa de modificar os contratos celebrados por razóns de interese público.

Considerando.- Que segundo o artigo 203 da LCSP, os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Considerando.- Que a modificación do contrato respecto á subministración de unidades adicionais de froitas e verduras non está prevista no prego regulador de cláusulas administrativas. As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares só poderán realizarse conforme ao establecido no artigo 205 LCSP, que establece os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.



Segundo o citado artigo, os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre que se dean as condicións especificadas para cada un deles, son os seguintes:

- a) Cando devíñese necesario engadir obras, subministracións ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, nas condicións que se establecen no propio artigo.
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derívase de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato.
- c) Cando as modificacións non sexan substanciais.

Levado ó caso, a modificación non prevista do lote 5 do contrato “Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe” ven xustificada ao cumprirse o referido na letra c), indicando a responsable do contrato no seu informe proposta que dito incremento non puido ser contemplado inicialmente por responder á imprevisible evolución das tendencias no ámbito da alimentación, o que ten un impacto directo na elaboración dos menús.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, terá dita consideración cando cumpra un ou varios dos seguintes condicionantes:

1º Que a modificación introduza condicións que, de ter figurado no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. A modificación do lote 5 do contrato referido implica a adición de unidades, derivada dun incremento do consumo mensual estimado de froitas e verduras, mantendo os prezos de adxudicación, polo que non se produciría, no procedemento inicial de contratación, unha variación nin na selección de candidatos nin na oferta aceptada.

2º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

A modificación proposta implica unha alteración na súa contía dun 3,26 por cento, dado que o importe total de adxudicación, excluído o IVE, pasa de 39.752,88€ a 41.049,5 euros. Polo tanto, dado o escaso impacto no prezo total inicialmente previsto pola modificación proposta, pódese considerar que o equilibrio económico do contrato non se ve alterado en beneficio do contratista, neste caso, *Frutas Nieves S.L.*

3º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso, considerarase que dase o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

- (i). O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE excluído, se se trata dun contrato de obra ou dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refiran aos demais contratos, ou ben superen o umbral que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.



Como xa se indicou con anterioridade, a modificación proposta supón un 3,26 por cento do importe total de adxudicación, excluído o IVE, non supera o umbral contemplado, polo que non se cumpriría este condicionante.

(ii). As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación atópanse dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciase a tramitación do expediente de contratación.

Non se contempla por parte do servizo o inicio da tramitación dun novo expediente de contratación que teña por obxecto a subministración dos produtos que xustifican a necesidade da modificación do contrato referido.

Considerando.- Que a tenor do disposto no artigo 206 LCSP, nos supostos de modificación do contrato recollidos no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración da contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído. Neste caso, trátase dunha modificación obrigatoria.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 que, no seu apartado 1, faculta ao presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato, do artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación número 1 do contrato de “*Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe*”. Lote 5.Froitas e verduras, subscrito coa empresa *Fruitas Nieves, S.L.* (CIF: B36628196), para contratar unidades adicionais de dito lote.

A necesidade de contar con unidades adicionais, mantendo os prezos de adxudicación, supón un incremento dos custes mensuais que se desglosan na seguinte táboa:

Nº	Produto	UD	Consumo mes estimado	Consumo mes previsto	Diferencia consumos	IVE	Prezo adx. (sen iva)	Prezo adx. (iva incl.)	Diferencia custes
1	Ameixa branca 1ª	kg	10,00	12,00	2,00	4%	1,60 €	1,66 €	3,33 €
2	Ameixa negra 1ª	kg	10,00	15,00	5,00	4%	1,60 €	1,66 €	8,32 €
3	Clementina	kg	30,00	32,00	2,00	4%	1,50 €	1,56 €	3,12 €
4	Fresa	kg	25,00	25,00	0,00	4%	3,50 €	3,64 €	0,00 €
5	Figo seco	kg	10,00	10,00	0,00	4%	4,50 €	4,68 €	0,00 €
6	Kiwi 1ª, 70-90 gr	kg	12,00	18,00	6,00	4%	1,60 €	1,66 €	9,98 €
7	Limón 1ª, Nº 4-5	kg	15,00	15,00	0,00	4%	1,50 €	1,56 €	0,00 €



8	Mandarina 1ª	kg	50,00	95,00	45,00	4%	1,50 €	1,56 €	70,20 €
9	Mazá golden 70-75	kg	50,00	94,00	44,00	4%	0,85 €	0,88 €	38,90 €
10	Pexego 1ª	kg	10,00	29,00	19,00	4%	1,60 €	1,66 €	31,62 €
11	Melón sapo cal 4-5	kg	15,00	25,00	10,00	4%	1,45 €	1,51 €	15,08 €
12	Laranxa mesa nac cal 4-5	kg	70,00	88,00	18,00	4%	1,15 €	1,20 €	21,53 €
13	Laranxa zume cal 6-8	kg	80,00	85,00	5,00	4%	0,75 €	0,78 €	3,90 €
14	Nectarina 1ª	kg	8,00	25,00	17,00	4%	1,75 €	1,82 €	30,94 €
15	Noces	kg	15,00	15,00	0,00	4%	3,95 €	4,11 €	0,00 €
16	Pera conferencia 1ª	kg	45,00	55,00	10,00	4%	1,45 €	1,51 €	15,08 €
17	Pera limoeira	kg	45,00	45,00	0,00	4%	1,20 €	1,25 €	0,00 €
18	Pera vermella 1ª	kg	95,00	95,00	0,00	4%	1,00 €	1,04 €	0,00 €
19	Piña	kg	45,00	45,00	0,00	4%	1,35 €	1,40 €	0,00 €
20	Plátano 1ª	kg	65,00	67,00	2,00	4%	1,55 €	1,61 €	3,22 €
21	Plátano extra	kg	70,00	90,00	20,00	4%	1,95 €	2,03 €	40,56 €
22	Sandía	kg	12,00	19,00	7,00	4%	1,10 €	1,14 €	8,01 €
23	Uva branca	kg	20,00	20,00	0,00	4%	2,30 €	2,39 €	0,00 €
24	Uva negra	kg	20,00	20,00	0,00	4%	2,50 €	2,60 €	0,00 €
25	Uva pasa	kg	10,00	10,00	0,00	4%	4,50 €	4,68 €	0,00 €
26	Paraguao	kg	7,00	7,00	0,00	4%	1,95 €	2,03 €	0,00 €
27	Cereixa	kg	1,00	1,00	0,00	4%	2,95 €	3,07 €	0,00 €
28	Castaña	kg	3,00	3,00	0,00	4%	2,75 €	2,86 €	0,00 €
29	Acelga manoxo (1 kg aprox)	uds	30,00	30,00	0,00	4%	1,00 €	1,04 €	0,00 €
30	Allo 1ª	kg	30,00	30,00	0,00	4%	2,95 €	3,07 €	0,00 €
31	Calabacín	kg	55,00	90,00	35,00	4%	1,30 €	1,35 €	47,32 €
32	Calabaza	kg	20,00	31,00	11,00	4%	0,90 €	0,94 €	10,30 €
33	Cebola 1ª, saco 10 kg	kg	95,00	110,00	15,00	4%	0,75 €	0,78 €	11,70 €
34	Champiñón	kg	70,00	70,00	0,00	4%	2,85 €	2,96 €	0,00 €
35	Espinaca (bolsa de 250 grm aprox)	uds	75,00	75,00	0,00	4%	1,10 €	1,14 €	0,00 €
36	Grelo manoxo (700/800 grm aprox)	uds	95,00	95,00	0,00	4%	1,60 €	1,66 €	0,00 €



37	Leituga lisa, 800-1000 gr unidade	uds	95,00	95,00	0,00	4%	0,70 €	0,73 €	0,00 €
38	Leituga riza (300 grm aprox)	uds	38,00	65,00	27,00	4%	0,65 €	0,68 €	18,25 €
39	Pataca branca 1ª granel, saco 25 kg	kg	1.000,00	1.220,00	220,00	4%	0,75 €	0,78 €	171,60 €
40	Perexil, manoxo	uds	10,00	10,00	0,00	4%	0,50 €	0,52 €	0,00 €
41	Pemento vermello 1ª	kg	25,00	31,00	6,00	4%	1,95 €	2,03 €	12,17 €
42	Pemento verde 1ª	kg	20,00	29,00	9,00	4%	1,95 €	2,03 €	18,25 €
43	Porro manoxo 1ª (500 grm aprox)	uds	15,00	21,00	6,00	4%	0,75 €	0,78 €	4,68 €
44	Repolo rizo	kg	45,00	54,00	9,00	4%	1,00 €	1,04 €	9,36 €
45	Tomate 1ª, 100-120 grm	kg	45,00	58,00	13,00	4%	1,45 €	1,51 €	19,60 €
46	Berenxena	kg	0,00	25,00	24,80	4%	1,35 €	1,40 €	34,82 €
47	Pepino	kg	0,00	1,00	0,80	4%	1,35 €	1,40 €	1,12 €
48	Cenoria 1ª bolsa 1 kg	kg	15,00	28,00	13,00	4%	0,65 €	0,68 €	8,79 €
49	Aguacate	kg	25,00	25,00	0,00	4%	3,85 €	4,00 €	0,00 €
50	Mango	Kg	10,00	10,00	0,00	4%	4,50 €	4,68 €	0,00 €
51	Papaya	Kg	10,00	10,00	0,00	4%	4,50 €	4,68 €	0,00 €
52	Compota de froita natural embasada (envase 100 grm)	Un	150,00	160,00	10,00	10%	0,24 €	0,26 €	2,64 €
INCREMENTO DO COSTE MENSUAL									674,39 €

O cambio supón un aumento no prezo mensual do lote de 674,39€ € (que sen incluír o IVE ascende a un importe de 648,31€), na aplicación orzamentaria 24/232.2312.221.05, sen prexuízo das eventuais prórrogas.

Importe mensual modificado Lote 5. Froitas e verduras:

Valor global dos prezos unitarios dun mes de contrato (sen IVE)	3.961,05 €
IVE (4% ou 10% en virtude do produto)	160,75 €
Valor global dos prezos unitarios dun mes de contrato (IVE incluído)	4.121,80 €

Importe total modificado do Lote 5. Froitas e verduras

Valor global dos prezos unitarios do contrato (sen IVE)	41.049,50 €
IVE(4% ou 10% en virtude do produto)	1.668,20 €
Valor global dos prezos unitarios do contrato (IVE incluído)	42.717,70 €



2.- Autorizar o gasto por importe de 1.348,78 euros con cargo á aplicación 24/232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial para atender ás obrigas económicas que deriven da presente modificación.

3.- Proceder á publicación do anuncio de modificación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma.

16.33744.- REFINANCIACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 21/2020 PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIONES DE SERVIZO”. (Expte.2023058887)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2023, adjudicou o contrato de subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 para a “*Subministración de combustibles en estacións de servizo*”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado á empresa SOLRED, S.A. (NIF: A-79.707.345).

No mesmo acordo autorizouse o gasto polo importe máximo de 394.279,76 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, que quedarán condicionados á aprobación do orzamento do ano 2024 e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo:

ANUALIDADE	CENTRO XESTOR	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	Importe total (IVE incluído)
2024 (01/01/2024 a 30/11/2024)	ARQUIVO	24/332.3322.221.03	1.098,90 €
	CENTRO PRÍNCIPE FELIPE	24/232.2312.221.03	39.987,00 €
	COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	24/924.9240.221.03	1.673,30 €
	COOPERACIÓN	24/942.4330.221.03	5.994,00 €
	E.F. AREEIRO	24/413.4123.221.03	6.293,40 €
	FINCA MOURISCADÉ	24/410.4120.221.03	4.530,00 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	24/456.4530.221.03	201.228,00 €
	MEDIO AMBIENTE	24/410.4100.221.03	9.993,60 €
	NNTT	24/926.9260.221.03	1.239,48 €
	ORAL	24/932.9320.221.03	1.918,08 €
	PARQUE MÓBIL	24/920.9200.221.03	101.364,00 €
SAIM	24/923.1623.221.03	18.960,00 €	



Con data 21/03/2024 a Xefa de xestión do Museo, co Vº e Prace do Vicepresidente, informou que o Museo de Pontevedra conta, para levar a cabo o traslado de materiais, cunha furgoneta con motacargas, en réxime de aluguer cuxo combustible é por conta da Deputación de Pontevedra. Así mesmo, dispón dunha máquina desbrozadora coa que se levan a cabo tarefas de mantemento nas zonas axardinadas dos edificios. Por este motivo se propón a inclusión deste centro xestor na relación de centros considerados no contrato baseado no AM 21/2020 (CSV: ZYGEDAHZ53PD1TJD).

Tamén a Xefa de Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, co Vº e Prace do Deputado delegado, en data 08/04/2024 propón a inclusión do centro de Vacacións de A Lanzada na relación de centros considerados no Contrato Baseado no AM 21/2020 ao dispoñer de diferentes vehículos e maquinaria (CSV: TSQ9XR98IKTPPQQC).

Tendo en conta que o importe total comprometido para este contrato non se incrementa xa que a cantidade total é suficiente para facer fronte a todos os compromisos de gasto dos diferentes Centros Xestores, procede facer unha redistribución dos importes correspondentes a cada unha das aplicacións, reducindo naquelas que nas que existe un exceso de provisión e dotando de crédito aos novos Servizos que se incorporan ao contrato.

Vista a dilixencia de conformidade en relación á proposta sobre a refinanciación do contrato baseado emitida pola Intervención en data 23 de abril de 2024.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Incluír ás seguintes aplicacións orzamentarias no contrato de subministración de combustible para os vehículos do parque móbil e maquinaria da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2020 para a “*Subministración de combustibles en estacións de servizo*”:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CENTRO XESTOR
24/333.3330.221.03	Museo Provincial
24/233.3370.221.03	Xuventude e Reto Demográfico (Centro Vacacional A Lanzada)

2.- Diminuír en 5.540,00 € o importe comprometido na aplicación 24/920.9200.221.03 ao considerarse suficiente para facer fronte as obrigas derivadas das súas necesidades.



3.- Autorizar e dispoñer gasto nas seguintes aplicacións orzamentarias:

	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total (con IVE)
2024	Museo Provincial	24/333.3330.221.03	700,00 €
	Xuventude e Reto Demográfico (Centro Vacacional A Lanzada)	24/233.3370.221.03	4.840,00 €

17.33745.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “VIXILANCIA DA SAÚDE CUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2019052904) (Devogarán 2024021679)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 5 de xuño de 2020 (CSV.- WA1TXPHBLM1SW7A3), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do servizo de “*Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra*”. (Expte. 2019052904).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Quirón Prevención, S.L.U.* (B-64076482), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U. (B-61076482)	6.056,28€	202000099482	28/05/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Riscos Laborais (CSV.- 5TJ31151GLB393EJ), no cal sinala que a empresa *Quirón Prevención, S.L.U.* (B-64076482) cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen que resultaren responsabilidades contra a mesma (...), polo que non ten ningún impedimento para a devolución da garantía definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- UK6NHYYTKYEKJB8F), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Quirón Prevención, S.L.U.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de vixilancia da saúde cun servizo de prevención alleo para a Deputación de Pontevedra*” (Exppte. 2019052904), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola empresa *QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.U. (B-64076482)*, a través de aval emitido pola entidade *BBVA (Inscrito no Rexistro Especial de avais co número 0182000981777)*, para responder de dito contrato por importe de 6.056,28€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 28/05/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000099482.

18.33746.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 (ÚNICA) DA OBRA DE EMERXENCIA “REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP-9702 AS SINAS-VILANOVA, P.Q. 0+700 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)”. (Exppte.2023071328)

Resultando.- Que o Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, o día 27 de novembro de 2023, ditou a Resolución núm. 2023008981 polo que se adjudicou a obra de emerxencia para “*Reparación de muro de contención na EP 9702 As Sinas-Vilanova, PQ 0+700 (Concello de Vilanova de Arousa)*” á empresa “*MONCOSA OHS, SA*” (NIF A15050958) por importe total de 80.000,00 € (IVE incluído) e cun prazo de execución de dous (2) meses.

Resultando.- Que no Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2023 deuse conta desta resolución presidencial declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da devandita obra.

Resultando.- Que data 14/03/2024 o contratista achegou a través do Rexistro electrónico de entrada da Deputación, a certificación núm. 1 e única das obras realizadas cuxo importe ascendeu a 83.207,82 € (IVE engadido).

Resultando.- Que o día 14/03/2024 a directora de obra xustifica a obra realizada para a súa recepción e informa favorablemente a tramitación e o pago da certificación emitida.

Resultando.- Que consta no expediente a Acta de Recepción de obra favorable con observacións de data 5 de abril de 2024.



Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 1 é única, esta devólvea informada en data 08/04/2024 concluíndo que “*dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito*”, e facendo as seguintes observacións:

“A tramitación de emerxencia debe limitarse ás actuacións estritamente indispensables para previr ou remediar os danos derivados da situación de emerxencia, é dicir, debe limitarse ó necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida. As prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teña carácter de emerxencia contratarase con arranxo á tramitación ordinaria (art. 120 apartados 1 a) e 2 Lei 9/2017 de 08 de novembro). Na obra de referencia pódese comprobar que se executaron máis unidades das estritamente indispensables para previr ou remediar os danos derivados da situación de emerxencia”.

As actuacións pertinentes dende o coñecemento dos danos que ocasionaron a obra de emerxencia deberían facerse con maior axilidade, xa que este tipo de obras requiren unha actuación inmediata para evitar posibles riscos.

Na acta de recepción consta observación do representante da Intervención no que pon de manifesto “na documentación que xustificou e motivou a contratación non se atopa un orzamento desagregado nin prescricións exactas que han de cumprir as unidades de obra, polo que non é posible a comprobación de cumprimento ningún”.

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial das seguintes obrigas:

- Certificación núm. 1 (única) da obra de emerxencia “*Reparación de muro de contención na EP 9702 As Sinas-Vilanova, PQ 0+700 (Concello de Vilanova de Arousa)*”, debendo librarse os seus importes con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicacións orzamentarias	Certificación Núm.	Importe
MONCOSA OHS, SA (NIF A15050958)	24/456-4530-612.01.2023 24/456-4530-612.01	1 (única)	83.207,82 €
	SUBTOTAL		83.207,82 €
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		2.311,49 €
	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		80.896,33 €



19.33747.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN NÚM. 11 DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 2001 O CALVARIO - A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA ELM DE BEMBRIVE, PQ 3+430 (CONCELLO DE VIGO)”. (Expte. 2022062300)

Resultando.- Que por Resolución número 2023002343 de data 21/03/2023 adxudicouse empresa Narom, SL (NIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*”, por un importe de 221.113,57 €, e un prazo de execución de CINCO (5) MESES.

Resultando.- Que con data 09/05/2023 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 09/10/2023.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2023008083 de data 27/10/2023 concedeuse á empresa NAROM, SL, unha ampliación do prazo de execución de CORENTA E CINCO (45) DÍAS, no contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 23/11/2023.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2023009538 de data 14/12/2023 concedeuse á empresa NAROM, SL unha nova ampliación do prazo de execución de SESENTA (60) DÍAS, no contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 22/01/2024.

Resultando.- Que consta no expediente informe do director de obra (CSV: OHLHD5U79HU0ZQGZ) no que se recolle que a dirección facultativa considera que as causas de demora que alega o contratista non son imputables a el, toda vez que ven derivada por causas meteorolóxicas e polo esgotamento na canteira do afloramento da pedra da cor empregada na obra para que sexa homoxénea por motivos estéticos e patrimoniais, sendo restablecido o subministro o 6 de marzo de 2024. Así mesmo, fai constar que non se puido tramitar unha paralización ou prórroga do contrato por estar o prazo vencido dende o 22/01//2024.

Resultando.- Que remitida ao servizo de Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 11, este devólvea informada en data 17 de abril do 2024, concluíndo que “*dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito*”. Así mesmo, fai constar que “*En aras dunha maior transparencia na xestión o presente convenio debería publicarse no BOPPO*”.



Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

- Certificación núm. 11 da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Certificación Núm.	Importe
NAROM, SL (NIF B36163418)	24/456-4530-612.02.2022	11	28.959,93 €
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		804,50 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)		637,41 €
	Total descontos		1.441,91 €
	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		27.518,02 €

20.33748.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Exptes. 2024026413; 2024027365 e 2024027798)

a) Vista a relación de facturas con número 2024026413, que contén 2 facturas e por un importe de 22.806,61€, e con CSV: EHQMJ9YWJAUGVT2F, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 18/04/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	26.335,15 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	3.528,54 €
Total líquido	22.806,61€



b) Vista a relación de facturas con número 2024027365, que contén 12 facturas e por un importe de 65.083,53€ e con CSV: OHAMX3YC31HMFQIZ, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/04/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	65.081,50 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	2,03 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	65.083,53 €

c) Vista a relación de facturas con número 2024027798, que contén 3 facturas e por un importe de 3.035,20€, e con CSV: MQAQPH09HZIYU00R, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 25/04/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	3.035,20 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	3.035,20 €

21.33749.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTE (Expte. 2024027796)

Vista a relación de facturas con número 2024027796, que contén 2 facturas e por un importe de 533,83 € e con CSV: PBD09W92QY5UGY3E, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 25/04/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	533,83 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	533,83 €



22.33750.- CORRECCIÓN DE ERRO ARITMÉTICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 08/03/2024 (Nº6.33563), POLO QUE SE CONCEDÍA AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE UNHA SUBVENCIÓN, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RETRANQUEO DE CIERRES DE MUROS, CUNETE E GALPÓN EN PARADA DE TENORIO” (Expte. 2024014018)

Primeiro.- No marco do Plan + Provincia 2024, concedeuse ao *Concello de Cerdedo-Cotobade* por acordo da Xunta de Goberno núm. 6.33563 de data 08/03/2024, unha subvención polo importe de 87.050,00 € co obxecto do financiamento do investimento “*Retranqueo de cierres de muros, cuneta e galpón en Parada de Tenorio*” (Expte. 2024014018).

Porén, á vista da documentación obrante no expediente e dos informes da xefa do servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, deslízouse un erro material nos antecedentes e na parte resolutiva, en relación ao importe do orzamento e da subvención solicitada.

Así, onde di:

ANTECEDENTES

- (...) En data 28/02/2024, mediante rexistro WEB2024013204, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Cerdedo – Cotobade* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 87.050,00 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Retranqueo de cierres de muros, cuneta e galpón en Parada de Tenorio*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

CONCLUSIÓNS

